



Resumo en lectura fácil da obra de teatro

SHAKESPEARE EN ROMA

a partir de textos de **William Shakespeare**

Datas de representación da obra:
do 9 de febreiro ao 2 de abril do 2023

Lugar: Salón Nobre de Fonseca
en Santiago de Compostela



XUNTA
DE GALICIA



Índice

Que é este documento?.....	páxina 4
O Centro Dramático Galego.....	páxina 5
Shakespeare en Roma.....	páxina 6
As actrices e os actores.....	páxina 8
Que nos conta esta obra de teatro?.....	páxina 10
Como é o escenario?.....	páxina 14
Canto tempo dura a obra de teatro?.....	páxina 15

Que é este documento?

Este documento é o programa de man dunha obra de teatro.

Un programa de man dunha obra de teatro é un documento que recolle información sobre esa obra por exemplo, o nome das personaxes ou o tema da obra de teatro.

O título desta obra de teatro é **Shakespeare en Roma.**



O Centro Dramático Galego

O Centro Dramático Galego organiza esta obra de teatro.

O Centro Dramático Galego é unha compañía de teatro.

As compañías de teatro son un grupo de persoas que fan obras de teatro.

O Centro Dramático Galego fai obras de teatro en galego.

O Centro Dramático Galego é da Xunta de Galicia e comezou a traballar no ano 1984.

Está no Salón Teatro.

O Salón Teatro está na Rúa Nova en Santiago de Compostela.

O Centro Dramático Galego organiza:

- Obras de teatro de escritoras e escritores galegos.
- Obras de teatro de escritoras e escritores importantes de todos os países.
- Obras de teatro para nenas e nenos.

O Centro Dramático Galego quere que todas as persoas poidan ir ao teatro.

Tamén quere que as persoas coñezan os profesionais que traballan nas obras de teatro.

Shakespeare en Roma

Shakespeare en Roma é o título desta obra de teatro.

Esta obra de teatro é un espectáculo que está formado por 4 obras de teatro.

Os títulos das 4 obras de teatro son:

- Coriolano
- Xulio César
- Antonio e Cleopatra
- Tito Andrónico

William Shakespeare escribiu estas 4 obras de teatro no século 17.

William Shakespeare é un escritor inglés moi importante. Escribiu poemas e moitas obras de teatro.

A obra de teatro **Shakespeare en Roma**

é unha versión das 4 obras orixinais de Shakespeare.

Esta versión da obra quere facernos pensar nas guerras e nos comportamentos que temos as persoas.

Cada obra de teatro de Shakespeare en Roma está escrita e dirixida por persoas diferentes.

Rui Madeira é o director da obra **Coriolano**.

Volodymyr Snegurchenko é o escritor da obra Coriolano.

A obra de teatro Coriolano fala da loita polo poder, da guerra e das inxustizas que sofren as persoas.

María Barcala e Xúlio Lago
son os directores da obra **Xulio César**.
Ana Carreira é a escritora de obra Xulio César.

A obra de teatro Xulio César fala da traizón,
da envexa e de comportamentos ilegais.
Esta obra tamén fala de como os gobernantes
inflúen nos comportamentos das persoas.

Sara Rey é a directora da obra **Antonio e Cleopatra**.
Ana Abad de Larravia é a escritora da obra Antonio e Cleopatra.

A obra de teatro Antonio e Cleopatra fala da loita polo poder,
do amor e do trato que reciben as mulleres que teñen poder.

Quico Cadaval é o director da obra **Tito Andrónico**.
Lorena Conde é a escritora da obra Tito Andrónico.

A obra de teatro Tito Andrónico fala da vinganza,
das relacións cos fillos
e dos sentimentos dos pais e das nais.



As actrices e os actores

Nas 4 obras de teatro que forman Shakespeare en Roma participan 3 actrices e 5 actores.


Estas 3 actrices e 5 actores representan 47 personaxes.



XURXO CORTÁZAR



SHEYLA FARIÑA



CRIS IGLESIAS



REBECA MONTERO



MARCOS ORSI



FRAN PELETEIRO



SANTI ROMAY



TONI SALGADO

Que nos conta esta obra de teatro?

Cada obra de teatro da obra Shakespeare en Roma conta unha historia diferente.

As actrices e actores representan as 4 obras seguidas.

Coriolano

Esta obra conta a historia de Coriolano.

Coriolano é un xeneral de Roma que loita en guerras para conquistar máis terras e riquezas para Roma.

A nai de Coriolano anímao a loitar por Roma e conseguir máis poder.

Coriolano volve a Roma.

Coriolano espera que os senadores de Roma o fagan cónsul.

Os senadores son os gobernantes de Roma e das súas terras.

Un cónsul é unha persoa que manda no exército de Roma e tamén ten poder para gobernar Roma.

Coriolano non quere darlle trigo aos cidadáns de Roma.

Por iso, os senadores deciden que Coriolano non apoia ao pobo de Roma e que é un traidor.

Os senadores botan fóra de Roma a Coriolano.

Coriolano quere loitar contra Roma

pero a súa familia convénceo para que non o faga.

Xulio César

Esta obra conta a historia do asasinato de Xulio César.

Xulio César goberna Roma.

O pobo está moi contento con Xulio César

porque lles dá regalos aos cidadáns

e terras aos soldados retirados.

Tamén conquista moitas terras para Roma.

Xulio César ten moito poder.

Casio, Bruto e Decio son 3 senadores

que non queren que Xulio César teña tanto poder.

Por iso, deciden asasinar a Xulio César.

No enterro de Xulio César

Marco Antonio di que Casio, Bruto e Decio son uns traidores.

Os seguidores de Xulio César

van a guerra contra Casio, Bruto e Decio.

Casio, Bruto e Decio perden a guerra.

Casio e Bruto deciden suicidarse.



Antonio e Cleopatra

Esta obra conta a historia de amor de Antonio e Cleopatra.

Despois da morte de Xulio César

3 gobernantes mandan nas terras de Roma.

Estes gobernantes son Octavio César, Lépido e Marco Antonio.

Marco Antonio está namorado de Cleopatra

que é a raíña de Exipto.

Por iso, Marco Antonio pasa moito tempo en Exipto

en vez de estar en Roma.

Octavio César e Lépido non queren

que Marco Antonio estea en Exipto con Cleopatra.

Marco Antonio casa coa irmá de Octavio César

para ter boa relación con el

pero volve a Exipto para estar con Cleopatra.

Marco Antonio e Cleopatra loitan contra Octavio César

polo poder de Roma.

Marco Antonio e Cleopatra perden as batallas contra Octavio César.

Marco Antonio morre e Cleopatra suicídase.

Cleopatra suicídase

porque non quere estar baixo o poder de Roma.

Tito Andrónico

Esta obra conta a historia de Tito Andrónico.

Tito Andrónico é un militar de Roma que ten moitos fillos.

A maioría dos fillos de Tito morren nas batallas.

Tito Andrónico volve a Roma con prisioneiros de guerra
despois de gañar varias batallas.

Un dos seus prisioneiros é a raíña Tamora.

Tito Andrónico decide matar o fillo maior da raíña Tamora.

Tamora casa co emperador de Roma
e víngase de Tito Andrónico.

O emperador de Roma chámase Saturnino.

Os fillos de Tamora violan a filla de Tito.

Tamén acusan os fillos de Tito
dun asasinato que non cometeron.

Lucio Andrónico, fillo de Tito,
contálle todo o que pasou a Tito.

Tito quere vinganza e mata a Tamora
e os seus fillos.

Lucio Andrónico mata o emperador Saturnino.



Como é o escenario?

O escenario da obra de teatro é o espazo central do Salón Nobre do Pazo de Fonseca.

Os personaxes móvense polos corredores do Salón Nobre.



Canto tempo dura a obra de teatro?

Esta obra de teatro dura 2 horas e 15 minutos.

Tes que estar no Salón antes de empezar a obra de teatro.
Se a obra empezou non podes entrar.

Tampouco podes volver a entrar no Salón
se saes antes do fin da obra.



Adaptación a lectura fácil:

Texto redactado segundo as pautas de lectura fácil de Inclusion Europe e a norma UNE 153101 EX por M.^a Dolores Portela León FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Adaptación realizada por FADEMGA Plena inclusión Galicia Programa de Cidadanía Activa e Accesibilidade cognitiva subvencionado pola Xunta de Galicia (Programas IRPF).

Validación da adaptación:

FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Logotipo europeo de lectura fácil na portada.

© Inclusion Europe

Máis información en www.inclusion-eu



DESCARGA O PROGRAMA
EN LECTURA FÁCIL